Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene

CERTIFICO:

Que o Pleno do Concello de Fene en sesión do 04.05.2023 aprobou o Plan de medidas Antifraude do Concello de Fene co seguinte teor:

"PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FENE

I.INTRODUCIÓN: ANTECEDENTES, LIÑAS XERAIS E DEFINICIÓNS.

1. Antecedentes

Como resposta á crise económica, sanitaria e social da COVID-19, a Unión Europea creou un Mecanismo de axuda extraordinario fornecendo axudas económicas directas mediante unha nova ferramenta.

A tal fin, o 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU (en diante, NGEU) por un importe de 750.000 millóns de euros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta europea coordinada cos Estados membros para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia.

O Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (en diante, MRR) constitúe o núcleo do Fondo de Recuperación e está dotado con 672.500 millóns de euros, dos cuales 360.000 millóns destinaranse a préstamos e 312.500 millóns de euros constituiranse como transferencias non reembolsables. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, á vez que promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE.

O MRR ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19 e apoiar as transicións ecolóxica e dixital. Todos eles van dirixidos a restaurar o potencial de crecemento das economías da UE, fomentar a creación de emprego tras a crise e promover o crecemento sostible.

Para alcanzar eses obxectivos, cada Estado membro debe deseñar un Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia que inclúa as reformas e os proxectos de investimento necesarios para alcanzar eses obxectivos.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR) da economía española prevé a mobilización de máis de 140.000 millóns de euros de investimento público ata 2026, cunha forte concentración dos investimentos e reformas na primeira fase do plan NGEU, que cobre o período 2021-2023, co fin de impulsar a recuperación e lograr un máximo impacto no noso modelo económico.

O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, define a execución en réxime de xestión directa, de conformidade coas normas pertinentes adoptadas en virtude do artigo 322 do TFUE, en particular o Regulamento Financeiro e o Regulamento (UE, Euratom) 2020/2092 do Parlamento Europeo e do Consello. Esta formulación conleva o deseño de instrumentos específicos e a adaptación dos procedementos ao marco que se define.

Así, a Comisión Europea é directamente responsable de todas as etapas de execución do programa, desde a avaliación dos plans presentados ata a realización dos pagos, así como do control da execución dos programas.

Deste xeito, coa finalidade de facer efectivas as iniciativas expostas no PRTR no prazo definido -entre 2021 e 2026-, as Administracións Públicas españolas deben adoptar múltiples medidas, entre as que se atopan a adaptación dos procedementos de xestión e o modelo de control, xunto á configuración e desenvolvemento dun Sistema de Xestión que facilite a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea, conforme aos estándares requiridos, tanto desde o punto de vista formal como operativo.

Neste contexto, o Ministerio de Facenda e Función Pública do Gobierno de España aprobou a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, na que se establecen as directrices para garantir o cumprimento coordinado dos requirimentos establecidos pola normativa comunitaria para a execución do PRTR, sendo un deles o reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude a corrupción e os conflitos de intereses.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigacións que o artigo 22 do Regulamento do MRR impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión, o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, establece que "toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun Plan de Medidas Antifraude que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses."

A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece a obrigación de toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resilicencia de dispoñer dun «Plan de medidas antifraude » que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses (art.6.1 Orde HFP/1030/2021).

Sobre a xestión de fondos públicos sempre pende unha ameaza ou risco de que os axentes implicados poidan incorrer en condutas irregulares ou mesmo fraudulentas, polo que cómpre seguir as prácticas que se están a impor no seo da Unión Europea e no conxunto dos países da nosa contorna, reforzando as medidas preventivas, aplicando sistemas de detección e, no seu caso, aplicando con rigor procedementos de corrección, de xeito que no caso de que se aprecien usos irregulares ou fraudulentos, se recobren para o erario público os fondos mal aplicados no prazo máis breve posible.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou o 23 de xuño de 2022 o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación da Coruña, publicado no BOP núm. 125, do 4 de xullo de 2022, permitindo que os concellos da provincia se adhiran a este tomádoo como modelo.

Con base no que antecede, o Concello de Fene elabora o Plan de medidas antifraude do Concello de Fene

2. Liñas xerais de actuación anti-fraude.

O Concello de Fene comprométese a reforzar unhas prácticas que non deixen ningunha marxe de actuación a condutas irregulares, corruptas ou fraudulentas.

Neste nobre afán que agora se declara, non só se pretende manter unha vinculación positiva co Principio de Legalidade en toda a xestión pública, senón que se vai promover un grao adicional de compromiso moral, sensibilizando e procurando adherir aos principios de obxectividade, integridade e honestidade ao conxunto de persoas que participan na xestión en distintas posicións xurídicas: cargos representativos, persoal funcionario e laboral, contratistas, persoas beneficiarias de subvencións e en síntese ao conxunto da cidadanía.

Para conseguir o obxectivo proposto, preséntase este Plan de medidas anti-fraude que, de recibir a aprobación do Pleno corporativo, será publicado no Boletín Oficial da Provincial e no Portal de transparencia desta Corporación sito na nosa sede electrónica https://sede.fene.gal.

A divulgación e xeral coñecemento son un primeiro paso para a xeración de bos propósitos e sensibilización con valores anteriormente citados, se ben, a súa efectividade e plena aplicación conseguirase co traballo e dedicación do Comité anti-fraude do Concello da Fene, órgano específico que se crea neste Plan, para avaliar e mellorar de xeito continuo as medidas preventivas, detectar posibles incumprimentos e levar a cabo procedementos de natureza correctora. O persoal empregado público que asuma esta función realizará estes cometidos con plena autonomía e independencia, de xeito que se evite de antemán calquera posible interferencia que poida pór en dúbida o carácter obxectivo dos seus informes e acordos.

Do exercicio axeitado das súas funcións renderá contas perante o Pleno da Corporación e colaborará eficazmente co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude creado pola Intervención General del Estado (IGAE) e mesmo coa Oficina Europea de Lucha Contra el Fraude (OLAF).

3. Definicións de fraude e corrupción.

O artigo 3.1. da Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2017, sobre loita contra o fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión Europea a través do Dereito Penal, imponlle aos estados membros a obriga de adoptar "as medidas necesarias para garantir que o fraude que afecte aos intereses financeiros da Unión Europea constitúa unha infracción penal cando se cometa intencionadamente", isto é, obriga aos estados membros a tipificar sempre

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

como ilícito ou delito no Código Penal respectivo as condutas dolosas que afecten aos intereses financeiros da Unión Europea.

Con tal premisa, no apartado 2 do artigo 3, a Directiva citada distingue as condutas constitutivas de fraude en función de se o gasto está relacionado ou non con contratos públicos. E describe, en primeiro lugar, as tres condutas fraudulentas relativas aos gastos que non deriven da contratación pública do seguinte xeito:

• "i) O uso ou a presentación de declaración ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teñan por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos activos do orzamento da Unión Europea ou dos orzamentos administrados pola Unión Europea, ou no seu nome.

• ii) O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto, ou

• iii) O uso indebido de eses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial"

E no caso de gastos relacionados cos contratos públicos, polo menos cando a acción ou omisión "se cometan con ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, causando unha perda para os intereses financeiros da Unión Europea", serán constitutivas de fraude as seguintes condutas:

• "i) O uso ou a presentación de declaración ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión Europea ou dos orzamentos administrados pola Unión Europea, ou no seu nome.

• ii) O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto, ou

• iii) O uso indebido de eses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que prexudique os intereses financeiros da Unión Europea".

E no tocante á corrupción, a Directiva que se está comentando establece que os Estados membros deben adoptar as medidas necesarias para garantir que a corrupción activa e pasiva, cando se cometan intencionadamente, sexan infraccións tipificadas penalmente, fixando os seguintes conceptos:

• "A efectos da presente Directiva, entenderase por corrupción pasiva a acción dun funcionario que, directamente ou a través dun intermediario, pida ou reciba vantaxes de calquera tipo, para él ou para terceiros, ou acepte a promesa dunha vantaxe, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar or intereses financeiros da Unión Europea.

• A efectos da presente Directiva, entenderase por corrupción activa a acción de toda persoa que prometa, ofreza ou conceda, directamente ou a través de intermediario, unha vantaxe de calquera tipo a un funcionario, para él ou para un terceiro, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión Europea."

E defínese finalmente a malversación (que tamén deberá tipificarse penalmente) como "un acto intencionado realizado por calquera funcionario ou a quen se lle encomendara directa ou indirectamente a xestión de fondos ou activos, de comprometer ou desembolsar fondos, ou apropiarse ou utilizar activos de forma contraria aos fins para os que estaban previstos e que prexudique de calquera maneira os intereses financeiros da Unión Europea."

Consonte ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, o este Plan atende aos seguintes requirimentos:

a) Estrutura as medidas anti-fraude de maneira proporcionada e ao redor de catro elementos clave do denominado ciclo anfi-fraude: prevención, detección, corrección e persecución.

b) Está prevista a avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave na execución do PRTR e a súa revisión periódica anual e, en calquera caso, cando se teña detectado fraude ou se produza algún cambio significativo nos procedementos ou no persoal.

c) Defínense medidas preventivas adecuadas e proporcionadas, axustadas ás situación concretas, para reducir o risco residual de fraude a un nivel aceptable.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

d) Prevese a existencia de medidas de detección axustadas ás sinais de alerta e defínese o procedemento para a súa aplicación efectiva.

e) Defínense as medidas correctivas necesarias para aplicar, cando se detecte un caso sospeitoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación das sospeitas de fraude.

f) Establécense procedementos axeitados para o seguimento dos casos sospeitosos de fraude e a correspondente recuperación dos fondos da UE que se poidan ter gastado de xeito fraudulento.

g) Defínense medidas de seguimento para revisar os procesos, procedementos e controis relacionados co fraude efectivo ou potencial, que se transmiten á correspondente revisión da avaliación do risco de fraude.

h) Especificamente regúlanse procedementos relativos á prevención e corrección de situación de conflito de intereses. Para evitar con anticipación a posible existencia de ditos conflitos, establécese como obrigatoria a sinatura dunha "Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses" (DACI) por todas as persoas que participen nos procedementos de execución do PRTR, a comunicación ao superior xerárquico da existencia de calquera potencial conflito de intereses e a adopción da decisión que, en cada caso, corresponda.

II. AVALIACIÓN DOS RISCOS.

Coa finalidade de artellar medidas anti-fraude que resulten proporcionadas e axeitadas, faise preciso realizar previamente unha auto-avaliación no referente a analizar os posibles riscos de actuacións fraudulentas, tal como está regulada a dita tarefa no artigo 6.2 da Orde HFP/1030/2021, na súa remisión ao Anexo II.B.5 do mesmo texto.

Ademais, e coa finalidade de que a avaliación sexa máis completa, e cumpra co disposto no artigo 6.5, letra c) da Orde xa citada, procederase a utilizar a ferramenta de avaliación de riscos que se propón na Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que ten redactado o Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) de la IGAE (24 de febreiro de 2022), se ben a matriz de riscos deseñada nesta ferramenta vai a ser adaptada ás circunstancias organizativas do Concello de Fene (incorpórase como Anexo I a dita matriz de riscos). Nesta análise de riscos tamén se tomará como guía complementaria e documento de referencia o Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia, que se incorpora como ANEXO I-BIS ao presente Plan.

A adaptación paulatina de ambas ferramentas de avaliación inicial preséntase como anexos 2 e 2 bis, revisando en cada momento as posibles debilidades que se poidan ir detectando e tamén cando se produzan cambios organizativos (especialmente cando se produza un cambio de corporación por remate do actual mandato).

Na actualización continua da ferramenta procederase a incorporar os resultados das auditorías e doutros controis realizados, de cara a incorporar novos riscos ou novos controis, coa finalidade de minimizar as posibilidades de que se produzan ou repitan.

Na avaliación de riscos vanse a realizar dous tipos de controis:

• Controis preventivos ou "ex ante", orientados a impedir que as situacións de fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento poidan ocorrer.

• Controis de detección "ex post" (alertas ou bandeiras vermellas), que van a estar dirixidos a identificar situacións de fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento. A detección deberá realizarse do xeito máis rápido posible, coa finalidade de mitigar os danos causados.

Pois ben, traballando dende o inicio coa matriz de riscos incorporada á Guía anti-fraude, cando se identifique un novo risco, será incorporado a dita matriz.

Para a aplicación da avaliación de riscos, seguindo a recomendación da Guía elaborada polo SNCA da IGAE e o Catálogo de riscos do Consello de Contas que se vén de citar anteriormente, créase o Comité Anti-fraude do Concello de Fene.

O dito Comité, segundo se regula no apartado correspondente deste documento, estará integrado por un equipo multidisciplinar, que pola súa formación académica e experiencia de xestión acadada, pode dicirse que coñece en profundidade tanto a organización como os procedementos desta entidade local. Os seus traballos serán realizados sempre de forma obxectiva, garantindo a súa plena independencia respecto de calquera órgano corporativo ou servizo da entidade, rendendo contas da súa actuación só ante o Pleno da Corporación.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Comité é un órgano colexiado de carácter temporal, estando a súa existencia vinculada á aplicación do Plan Anti-fraude. Unha vez finalizada a execución das actuacións suxeitas ao Plan e realizadas as tarefas ex post que procedan no marco deste, o Comité cesará na súa actividade.

III. MEDIDAS DE LOITA CONTRA A FRAUDE.

Realizada a análise de riscos, creado e posto en funcionamento un órgano específico para a súa aplicación e seguimento, o Concello vai promover unha serie de medidas anti-fraude, incardinadas cada unha delas dentro do xa estandarizado ciclo contra a fraude: prevención, detección, corrección e persecución.

Expóñense deseguido cada unha das medidas nas distintas fases do dito ciclo.

1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN.

No marco das diferentes etapas que forman o ciclo anti-fraude, a prevención é unha fase clave na loita contra a fraude, a corrupción, os conflitos de intereses e o dobre financiamento, resultando moi importante que as medidas preventivas que se adopten sexan pro-activas e proporcionais á probabilidade e impacto dos posibles riscos que se queiran mitigar ou evitar.

As medidas preventivas deben ter, ante todo, un carácter disuasorio, de xeito que as persoas que teñan tendencia á fraude poidan temer as consecuencias do seus comportamentos.

1.1. Política anti-fraude: declaración institucional.

Como primeira medida preventiva, seguindo todas as recomendacións a este efecto, ten que apreciarse un compromiso claro, mediante unha declaración solemne do propio Pleno da Corporación, na que a institución amosa a idea de clara intransixencia con calquera situación de fraude ou corrupción que poida comprometer a legal e eficiente aplicación de todos os fondos públicos que se administren, con independencia da fonte de que procedan.

Un modelo de declaración institucional incorpórase a este Plan como Anexo II. Someterase á valoración do Pleno e, no caso de ser aprobado, deberá estar publicado de xeito permanente na páxina web oficial.

1.2. Código de conduta.

Como complemento da declaración á que se fai referencia no apartado anterior, debe subscribirse un Código de conduta (ANEXO III) por cada unha das persoas que participen, directa ou indirectamente, na xestión, aplicación e control dos fondos públicos, ben sexan cargos representativos ou persoal ao servizo da administración pública.

O Código de conduta ao que se refire este apartado permitirá establecer uns principios respecto do comportamento esperado polas persoas que desenvolvan cargos representativos, así como tamén por parte do persoal ao servizo da Corporación, entre os que poden listarse os seguintes:

• Respecto ao Principio de legalidade, tanto na súa expresión positiva para as accións da administración, coma na vertente negativa, non realizando aquelas actividades ou actuacións que estean prohibidas ou para as que non exista unha habilitación legal específica.

• Uso eficiente dos recursos públicos.

• Integridade, profesionalidade e honradez na xestión.

• Transparencia e bo uso da información.

• Trato imparcial e non discriminación.

Para que se cumpra con estes principios, debe establecerse a obriga de que se faga unha supervisión efectiva por parte do persoal que ocupa postos directivos respecto do persoal ao seu cargo. Asemade, ten que haber unha conduta exemplar por parte dos primeiros, o que se coñece como “tone at the top”.

O texto deste Código de conduta, a subscribir por todo o persoal que participe na xestión ou control dos fondos, inclúese como Anexo III deste Plan.

1.3. Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI).

Como terceira medida de prevención, establécese a obriga de cumprimentar unha Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para todas as persoas que interveñan na xestión e aplicación

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

dos fondos públicos, ben sexa a través de procedementos de contratación, ben mediante a concesión de subvencións ou transferencias.

Ao cumprimentarse a DACI haberá que observar a estrita aplicación do artigo 53 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto básico do empregado público relativo aos principios éticos, Igualmente ha de considerarse o disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, no tocante ao deber de abstención e tamén o disposto neste mesmo senso pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O modelo de DACI inclúese neste documento como Anexo IV.

A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia farase de conformidade co estipulado na DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

Así, de conformidade coa normativa europea reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia así como as normas financeiras aplicables ao orzamento da Unión, a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia está baseado nunha ferramenta informática de «data mining», con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, sen prexuízo das auditorías, que a autoridade independente de auditoría leve a cabo.

C.I.F.: P-1503600-G

A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese é de aplicación aos seguintes procedementos vinculados á execución do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia:

a) Nos procedementos de adxudicación dos contratos.

b) Nos procedementos de concesión de subvencións salvo aquelas de concorrencia masiva, entendéndose por tal as que teñan máis de cen solicitudes. Nestes casos de concorrencia masiva realizarase a análise sobre unha mostra.

A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións.

As entidades decisoras, executoras e instrumentais son as definidas como tales na Orde HAF 1030/2021 do 29 de setembro e na Resolución 1/2022, do 12 de abril, da Secretaria Xeral de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición de entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

En particular, esta análise levarase a cabo en cada procedemento, para as persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables, e aínda cando non se rexan no seu funcionamento pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións:

c) Contratos: órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación indicados, nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.

d) Subvencións: órgano competente para a concesión e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

As persoas mencionadas serán as que deban asinar as declaracións de ausencia de conflito de interese (DACI) respecto de os participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións. Esta formulación realizarase unha vez coñecidos estes participantes.

A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento.

Non obstante o anterior, no caso de procedementos de concesión de subvencións de concorrencia masiva, entendéndose por tales nos que concorran máis de cen solicitantes, a análise das posibles

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

relacións terá lugar sobre unha mostra dun máximo de 100 participantes, seleccionados aleatoriamente.

Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscribidos cos Colexios de Notarios e Rexistradores.

En todo caso, os resultados da análises realizada quedarán rexistradas no sistema de información de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para os efectos das posibles auditorías específicas sobre conflito de interese a levar a cabo ex post no ámbito da estratexia de auditoría que determine a Intervención Xeral da Administración do Estado como Autoridade Independente de Auditoría, acordada coa Comisión Europea.

Con carácter previo á valoración das ofertas ou solicitudes en cada procedemento, o órgano responsable dos procedementos de contratación ou de concesión das subvencións realizará a análise do risco de conflito de interese descrito no apartado anterior, a través da ferramenta informática.

Para a análise, o órgano responsable dispoñerá da seguinte información, coa que alimentará a ferramenta informática:

a) Os números de identificación fiscal das persoas suxeitas á análise, de acordo co sinalado no apartado 3.

b) Os números de identificación fiscal das persoas físicas ou xurídicas participantes en cada procedemento, que concorran ao mesmo como licitadoras ou solicitantes, seleccionados en forma de mostra aleatoria nos casos de concorrencia masiva sinalados anteriormente.

O órgano responsable recibirá o resultado da análise do conflito de interese. Á súa vez, farao chegar ao órgano xestor do proxecto e subproxecto no que se integre a actuación no sistema de información de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Así mesmo, o resultado da análise será trasladado polo órgano responsable ás persoas suxeitas á análise do risco do conflito de intereses, a fin de que se absteñan se, con respecto ás mesmas, foi identificada a existencia dunha situación de risco de conflito de interese, sinalizada cunha bandeira vermella.

Se a persoa afectada pola identificación dun risco de conflito de interese non recoñecese a validez da identificación, dispoñerá dun prazo de alegacións de dous días hábiles para motivar a súa renuncia á abstención, sendo o seu superior xerárquico quen resolverá, tras este trámite, no prazo doutros dous días hábiles.

Non obstante o anterior, de oficio ou a instancia do superior xerárquico correspondente, o órgano responsable da análise poderá acudir ao Comité Antifraude para solicitar a emisión dun informe dentro do prazo de dous días hábiles tras o trámite de alegacións, sobre se procede ou non a aplicación do suposto de abstención no caso concreto.

A análise do risco de conflito de interese volverase levar a cabo respecto de quen substitúa á persoa que, en cumprimento deste proceso, se abstivo no procedemento, aplicándose de novo a análise descrita.

Todo o proceso quedará rexistrado no sistema de información de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

1.4. Procedemento a seguir cando de aprecie que se produce un conflito de intereses.

No caso de que se aprecie un posible conflito de intereses, sexa declarado ou non pola persoa interesada, seguirase o procedemento que se describe en cada un dos seguintes apartados.

1.4.1 Declaración voluntaria de conflito de intereses.

As persoas que deban intervir nos procedementos de execución do PRTR, cando consideren que incorren en conflito de intereses, deberán absterse de formalizar a DACI e intervir no procedemento, declarando que incorre en causa de abstención, de conformidade co artigo 23.2 a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Darán conta ao seu superior xerárquico ou órgano que o designou (no caso daqueles que formen parte dun órgano colexiado que participe no procedemento) quen resolverá o procedente, unha vez emitido o preceptivo informe polo Comité anti-fraude municipal.

No caso de que a causa de abstención se puxera de manifesto na reunión dun órgano colexiado mediante manifestación expresa, esta farase constar na acta, sendo esta declaración equivalente á comunicación ao superior xerárquico ou ao órgano que o designou, traslado que realizará a secretaría do órgano colexiado.

Nos supostos nos que o superior xerárquico (ou órgano que o designou) acorde que non existe causa de abstención, o persoal e os responsables da xestión, así coma o Comité anti-frude, considerarán o suposto unha "bandeira vermella" e procederán de conformidade co apartado IV.2.2 do presente Plan.

O persoal poderá formular en calquera momento ao Comité Anti-fraude cantas consultas estime necesarias sobre a procedencia de absterse en asuntos concretos.

1.4.2 Detección ou denuncia de conflito de intereses.

Cando o Comité Anti-fraude na aplicación das súas medidas de detección (investigación, verificación das DACI con outras fontes externas, denuncias mediante o canle de denuncias e bo goberno ou por recusación expresa), detecte que algunha das persoas que deban intervir nos procedementos de execución do PRTR incorren en conflito de intereses, procederá á súa tramitación nos mesmos termos que unha recusación, de conformidade co previsto no artigo 24 da referida Lei 40/2015, estando lexitimada para promovela, no caso das denuncias, calquera persoa, de cara a garantir a protección xurídica da persoa denunciante.

O Comité Anti-fraude realizará a comunicación formal ao superior xerárquico ou órgano que o designou, acompañada do seu preceptivo informe.

Naqueles casos en que se produza a recusación polos cauces ordinarios (rexistro presencial, rexistro electrónico, canle de denuncias ou outros posibles), a súa tramitación corresponderá a Comité Anti-fraude, seguíndose o procedemento previsto para os casos de denuncias recibidas, de cara a garantir un tratamento idéntico en todos os procedementos en que se estableza a obriga de cumprimentar as DACI.

Igual procedemento ha de seguirse cando o órgano de contratación ou o órgano que conceda unha subvención teña coñecemento por calquera medio dun posible conflito de intereses. A este fin, todas as comunicacións recibidas polo Rexistro serán trasladadas ao Comité Anti-fraude.

Do mesmo xeito procederá calquera órgano ou persoa ao servizo do Concello de Fene que teña coñecemento, por calquera canle formal ou informal, da posible existencia dun conflito de intereses.

1.4.3 Conflito de intereses xurdido despois da presentación da DACI.

Cando o conflito xurda con posterioridade á presentación da DACI, as persoas afectadas deberán proceder do mesmo xeito descrito nos apartados anteriores, sen que esta declaración posterior signifique que a DACI fora falsa.

1.4.4 Procedemento a seguir nos casos nos que a existencia do conflito de intereses foi detectado con posterioridade a que producira efectos.

Estes supostos terán a consideración de "bandeira vermella" e producirán efectos de conformidade co apartado IV.2.2 do presente Plan.

1.5. Formación anti-fraude.

O Concello de Fene fomentará que tanto o persoal corporativo como os empregados públicos fagan uso da formación que polas diferentes administracións se poña a disposición, poñendo en coñecemento estas actividades formativas.

1.6. Sistema de control interno eficaz.

O Concello de Fene, en aplicación do disposto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, dispón dun modelo de control interno que se leva a cabo dende a Intervención Xeral do Concello.

1.7. Publicidade do Plan e da actividade de xestión económico-financeira:

A publicidade do propio Plan e de todas as medidas adoptadas, así como a difusión no Portal de Transparencia da páxina web do Concello de Fene e no Perfil do contratante dos acordos e

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

documentos relativos á xestión económico-financeira, contribuirá a que os distintos poderes públicos e mesmo o conxunto da cidadanía poidan ter información dabondo para colaborar eficazmente coas actuacións do Comité Anti-fraude.

Entre outras accións de publicidade e difusión, cobran especial relevancia os acordos en materia de contratación que se publiquen no Perfil do contratante (licitacións, adxudicacións e formalización dos contratos) e as convocatorias de subvencións, concesións, pagamentos, reintegros e sancións que se están a publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

2. MEDIDAS DE DETECCIÓN.

A detección é unha etapa crítica na loita contra a fraude, xa que é o momento no que se espera que os coñecementos adquiridos e as ferramentas establecidas produzan os seus resultados. As irregularidades detectadas deben verificarse e no caso de que se teñan producido feitos que dean lugar a existencia de posibles actividades ou condutas ilegais que poidan supor unha incorrecta aplicación dos fondos públicos, deben tomarse medidas en dous ámbitos diferenciados:

a) Potenciar as medidas de prevención, para mitigar calquera dano potencial.

b) Incoar a investigación e unha vez realizadas as verificacións oportunas, comunicar os feitos ás autoridades xudiciais ou administrativas competentes, coa finalidade de que sexan valoradas e, no seu caso, corrixidas as condutas detectadas.

Resulta importante que todas as medidas de detección sexan eficientes e proporcionais ao nivel e natureza dos riscos de fraude, corrupción, conflito de interese e dobre financiamento identificados, tanto en cantidade (número de medidas) como en calidade (natureza das medidas).

Deseguido concrétanse as medidas de detección previstas no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 19 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

2.1. Verificación da DACI coa información obtida doutras fontes.

As Declaracións de ausencia de conflito de intereses poderán ser contrastadas con outras fontes de información externas, como pode ser a obtida a través da consulta no Rexistro Mercantil Central, Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), declaración de actividades dos cargos públicos representativos e outros posibles.

2.2. Sistema de bandeiras vermellas.

O sistema de indicadores de alerta ou perigo, nomeado de “bandeiras vermellas”, representa un aviso de que algo inusual está a ocorrer e que non se corresponde coa actividade normal e rutinaria da entidade, constituíndose como pistas ou indicios dunha posible fraude ou corrupción.

Cando se detecte un destes indicadores de alerta, o persoal e responsables da xestión deben permanecer especialmente vixiantes, coa finalidade de adoptar as medidas necesarias para conformar ou negar que existe un risco de fraude.

Cómpre precisar que a existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude ou outra irregularidade, pero si manifesta que unha determinada área de actividade necesita dunha atención extra para descartar ou confirmar unha actividade potencialmente irregular.

No Anexo V inclúese unha relación de bandeiras vermellas por cada un dos ámbitos de xestión: contratos, convenios, subvencións e encargos a medios propios. Mais sen prexuízo do carácter máis exhaustivo e detallado do documento anexado, considérase necesario facer referencia neste texto aos seguintes indicadores máis significativos, tanto no ámbito da contratación pública coma no tocante á xestión das subvencións.

2.2.1 Sinais de alarma na contratación pública.

Entre outros, porase especial atención nos seguintes:

• Coñécese que entre unha persoa que exerce un cargo representativo con potestades decisorias ou persoa integrante da mesa de contratación existe relación social cun prestador de servizos ou provedor.

• Cando a persoa que exerce cargo representativo ou persoa integrante da mesa de contratación ten negocios familiares nos que se venden ou prestan servizos idénticos ou moi similares.

• Cando hai fraccionamentos de contrato inxustificados.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

• Aprécianse prezos elevados comparados con outros contratos similares e non se detallan con precisión os prezos parciais ou unitarios, nin existen documentos que precisen os custos nos que teña incorrido o contratista ou provedor.

2.2.2 Sinais de alarma en materia de subvencións.

Poden salientarse como “bandeiras vermellas” os seguintes indicios:

• O dobre ou, polo menos, excesivo financiamento, incumprindo o principio de adicionalidade. O beneficiario non declara os ingresos obtidos para a mesma finalidade, existindo sospeita de que non ten fondos propios dabondo para financiar o importe do gasto con cargo a fondos propios.

• Imputación ou afectación indebida de custos indirectos.

• Facturas sen detalle de prezos unitarios ou con indicación de prezos excesivos.

• Presentación de facturas cunha algunha singularidade ou defecto, o que indica que puidera estar falseada nalgún dos elementos.

• Existencia de facturas cruzadas co provedor, que a súa vez é cliente da entidade beneficiaria.

• Incoherencias entre a documentación presentada para xustificar a subvención: algunha das facturas presentadas non ten relación coa actividade descrita na memoria da actividade.

A existencia dalgún destes indicadores, obrigará aos órganos xestores e ao propio Comité Anti-fraude á realización de actuacións de control adicionais ás previstas inicialmente e requirir ás explicacións necesarias ata acreditar a inexistencia de fraude ou, no seu caso, para realizar as actuacións correctoras precisas.

2.3. Canle de denuncias.

O Concello de Fene implantará unha Canle de denuncias, como sistema interno de información, previa consulta coa representación legal das persoas traballadoras, de conformidade co previsto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

2.4. Actuacións de control interno en materia anti-fraude.

Sen prexuízo da plena aplicación das catro medidas expostas nos puntos anteriores, o órgano interventor da Corporación seguirá elaborando e aprobando anualmente un Plan de control financeiro, de acordo co previsto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril. Este plan tamén estará orientado á detección de posibles casos de irregularidades ou fraude na xestión e aplicación de fondos públicos.

3. MEDIDAS DE CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN.

3.1. Corrección.

A detección dunha posible fraude ou mesmo a sospeita fundada producirá a suspensión inmediata do procedemento a través do que se estean xestionando os fondos públicos, coa notificación desta circunstancia no prazo máis breve posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións, así como a revisión de todos os proxectos que puideran estar expostos ao mesmo.

No caso de atoparse irregularidades sistémicas, deberán adoptarse as seguintes medidas:

• Revisar a totalidade dos expedientes incluídos na operación ou de natureza económica análoga.

• Propor ao órgano competente a posibilidade de que dite un acordo retirando o financiamento comunitario de todos aqueles expedientes nos que se identifique a incidencia detectada.

• Comunicar ás unidades executoras as medidas necesarias a adoptar para subsanar a debilidade detectada, de xeito que este tipo de incidencias non volvan a reiterarse.

• Revisar os sistemas de control interno para establecer os mecanismos oportunos que detecten as referidas incidencias nas fases iniciais de verificación.

3.2. Persecución.

Á maior brevidade posible, o Comité anti-fraude procederá a:

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

• Comunicar os feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisoria ou entidade executora, así como a autoridade responsábel, a que poderá solicitar información adicional que considere oportuna de cara ao seguimento e comunicación á autoridade de control.

• Denunciar os feitos punibles ás Autoridades públicas competentes: Servicio Nacional de Coordinación anti-fraude (SNCA) e para valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF).

• Iniciar información reservada para depurar responsabilidades e incoar, no seu caso, polo órgano competente, expediente disciplinario.

• Denunciar os feitos perante a Fiscalía ou perante os tribunais competentes, nos casos en que así proceda.

• Instar, a través de resolución a ditar polo órgano competente, o reintegro dos fondos gastados fraudulentamente.

4. COMITÉ ANTI-FRAUDE.

Para a correcta aplicación de todas as medidas previstas no presente Plan, créase un Comité anti-fraude, órgano colexiado integrado por persoal funcionario especialmente cualificado nesta materia, cuxa composición e funcións están detalladas nos apartados seguintes.

C.I.F.: P-1503600-G

No exercicio das súas funcións, o Comité Anti-fraude actuará con autonomía e independencia, non aceptando ningunha instrución ao respecto. Os seus informes e acordos serán elevados ao Pleno da Corporación e, no seu caso, remitidos ao Comité Nacional anti-fraude, ao Ministerio fiscal, Consello de Contas e Tribunal de Contas.

Dende o punto de vista procedimental, o Comité Anti-fraudeseguirá as regras de funcionamento previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, para a actuación dos órganos colexiados.

4.1. Composición.

O Comité anti-fraude estará composto por cinco membros, designándose por Resolución da Alcaldía, de acordo coas seguintes regras:

• Membro da Secretaría xeral: Será o que asuma as funcións de secretaría deste órgano, realizando as convocatorias das sesións que estea previsto convocar, redactar e custodiar as actas e notificar os acordos que se adopten, nos termos establecidos nos artigos 16 e 17 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do Sector público.

• Membro da Intervención xeral: Asumirá a presentación e impulso das actuacións de control que se decidan, e a tramitación dos procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, sancionadores, coa colaboración do persoal da súa Unidade. Xestionará a colaboración con outros órganos de control, investigación, corrección e persecución das actuacións ilícitas que puideran detectarse.

• Membro do Servizo de Administración electrónica: exercerá cando menos a implantación informática das medidas que se adopten, adaptando en cada momento as aplicacións corporativas e responsabilizarse de que toda a información deste Plan e das súas medidas estean debidamente divulgadas a través do Portal de Transparencia da sede electrónica municipal.

• Membro do Servizo de Contratación: realizará o seguimento do Plan no ámbito da contratación pública.

• Membro pertencente á Tesourería Municipal, que realizará o seguimento do Plan no ámbito da xestión e concesión de subvencións (ámbito da acción de fomento, cultura e deportes, etc).

Aos efectos de ordenar o tratamento de asuntos e debates e demais atribucións previstas nos artigos 15 e seguintes da Lei 30/2015, na primeira sesión que teña lugar, o comité deberá propor a un dos membros para o exercicio da presidencia, cuxo nomeamento será formalizado posteriormente mediante resolución da Alcaldía.

4.2. Funcións.

O Comité anti-fraude, coa composición prevista no apartado anterior, asumirá as seguintes funcións:

• Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita previr e detectar os posíbeis fraudes.

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

• Definir a política anti-fraude e o deseño de medidas necesarias que permitan previr, detectar, corrixir ou perseguir os intentos de fraude.

• Concienciar e canalizar a formación formar ao resto do persoal do Concello en materia da correcta aplicación dos fondos públicos e loita contra o fraude na súa xestión.

• Incoar actuacións previas ante calquera indicio de fraude, requirindo canta información se entenda necesaria ás unidades xestoras, contratistas ou persoas beneficiarias de subvencións.

• Resolver as actuacións previas incoadas, acordando o seu arquivo ou a remisión do acordo ao órgano competente para a esixencia de responsabilidades administrativas, contábeis ou penais.

• Informar periodicamente ao Pleno da Corporación das conclusións derivadas das actuacións practicadas e das medidas preventivas ou correctoras aplicadas.

Cando do resultado das actuacións previas realizadas por este órgano, proceda a incoación dun expediente de reintegro ou, no seu caso, de carácter sancionador, por incumprimentos da normativa en materia de subvencións, a súa instrución será realizada polo Departamento de Xestión Económica.

4.3. Réxime de sesión e acordos.

O Comité reunirase con carácter ordinario unha vez ao trimestre, realizando en cada sesión una avaliación e seguimento deste Plan e, no seu caso, tratando os asuntos sobre os que se precisa tomar os acordos oportunos. Tamén poderá reunirse con carácter extraordinario cando o solicite calquera dos seus membros.

5. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO.

Con carácter periódico (polo menos anual), o Comité anti-fraude elevará ao Pleno, para coñecemento deste órgano, un informe de avaliación e seguimento das medidas contidas neste Plan.

Con todo, cando o Comité anti-fraude considere que algunha delas debe ser interpretada, adaptada ou reforzada, realizará a correspondente proposta, que será aprobada por resolución da Alcaldía e incorporada de inmediato, sen necesidade de novo acordo plenario.

En todo caso, darse conta no Pleno na primeira sesión que se realice das resolucións adoptadas.

IV. ANEXOS.

• ANEXO I: Matriz de riscos que se incorpora a Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aoribada polo Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude da IGAE (versión de 24 de febreiro de 2022)

• ANEXO I BIS; Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia

• ANEXO II: Declaración institucional.

• ANEXO III: Código de conduta.

• ANEXO IV: Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI).

• ANEXO V: Bandeiras vermellas.

ANEXO I: MATRIZ DE RISCOS APROBADA POLO SERVIZO NACIONAL DE COORDINACIÓN ANTIFRAUDE DA INTERVENCIÓN XERAL DO ESTADO (IGAE)

A ferramenta Matriz de riscos que vai a utilizar o Concello de Fene para a análise previa de riscos en cada expediente é a proposta elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención xeral do Estado, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20I.%20MATRIZ%20PMA%20PRTR%20SNCA.xlsx

Sobre a dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO I Bis: Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia

Xuntamente coa ferramenta anterior (Matriz de Riscos do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE) o Concello de Fene tamén vai a utilizar o Catálogo de riscos por áreas de

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

actividade, elaborada polo Consello de Contas de Galicia, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/static_content/corrupcion/Catalogo_riscos_G.pdf

Sobre a dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO II: DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO NA LOITA CONTRA O FRAUDE E A CORRUPCIÓN

"No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, o Concello de Fene manifesta publicamente o seu compromiso ao máis alto nivel posible no estrito cumprimento das normas xurídicas e de carácter ético, así coma a súa total adhesión aos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade oposta ao fraude e á corrupción sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con esta administración.

As persoas que exercen cargos representativos na Corporación, así como todo o persoal ao servizo da Corporación, teñen o compromiso de velar sempre polos intereses xerais, con suxeición á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, actuando en todo momento de acordo cos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Coa presente declaración preténdese promover dentro da organización unha cultura ética que non dea lugar a condutas ou actividades fraudulentas e que faga máis doada a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos casos que se detecten.

Para acadar o obxectivo exposto, logo de que o Pleno aprobe este Plan anti-fraude do Concello de Fene e publicado o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, a súa aplicación, pleno coñecemento e divulgación, asentarase sobre estes tres piares:

• A creación e funcionamento do Comité anti-fraudemunicipal, órgano específico para a xestión e análise das medidas adoptadas, así como para o asesoramento e impulso das accións de corrección e mesmo persecución dos casos que se detecten. Este órgano actuará co plena independencia e só dará contas da súa xestión ao Pleno da Corporación.

• A promoción da realización de cursos de formación en prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

ANEXO III. CÓDIGO DE CONDUTA DAS PERSOAS NO ECERCICIO DE CARGOS REPRESENTATIVOS E DO PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

A) PARA PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGO REPRESENTATIVO

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, as persoas que exercen cargo representativo como membros do Pleno da Corporación e dalgún outro órgano colexiado, ou ben como titulares ou suplentes de órganos de carácter unipersoal, axustarán toda a súa conduta aos principios e estándares recollidos no Código de bo goberno local da FEMP.

Asemade, respectarán estritamente os deberes establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de acceso á información, transparencia e bo goberno. En particular, cumprirán cos principios de bo goberno establecidos no artigo 26 da devandita Lei e absteranse de incorrer nas condutas constitutivas de infracción en materia de incompatibilidades ou conflito de intereses (artigo 27 en relación co artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local) e de infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria (artigo 28).

B) PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN.

Todo o persoal ao servizo da Corporación, tanto cunha relación de carácter funcionarial como laboral, cumprirán co código de conduta establecido no artigo 52 do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público (Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro), así como cos principios´éticos recollidos no artigo 53 e os principios de conduta enumerados no artigo 54 do devandito texto legal.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Asemade, a xestión e control dos fondos procedentes do PRTR levarase a cabo cunha rigorosa observancia da lexislación da Unión, nacional e autonómica, con especial atención ás seguintes materias:

• Elixibilidade dos gastos.

• Contratación pública.

• Réxime das axudas.

• Información e publicidade.

• Medio ambiente.

• Igualdade de oportunidades e non discriminación.

En resumo: todo o persoal ten a obriga de ler e cumprir co disposto neste código, colaborando coa súa difusión no centro de traballo e nas relacións con contratistas, provedores e persoas beneficiarias de subvencións. E as persoas responsables de cada servizo deberán contribuír a solventar calquera dúbida respecto deste código e servir de exemplo no seu estrito cumprimento.

Un exemplar deste documento e dos preceptos legais que se citan serán asinados por cada unha das persoas que participe na redacción, tramitación, aprobación, xestión, xustificación ou control dos fondos públicos procedentes do PRTR.

ANEXO IV: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES (FORMULARIO DACI) *

"EXPEDIENTE 202XXXXXXXXX

Co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de (contratación/concesión de subvención/xustificación de subvención), a persoa que subscribe o presente documento, na súa condición de (cargo representativo/persoal funcionario/membro designado do comité de expertos) e, xa que logo, participante no procedemento de (elaboración/tramitación/resolución) do expediente,

DECLARA:

"Primeiro.

Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal».

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».

3. Que o apartado 3 da Disposición Adicional centésima décima segundo da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segundo establece que:

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscribidos cos Colexios de Notarios e Rexistradores».

Segundo.

Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segundo, que poida afectar o procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro.

Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de interese que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto.

Que coñece que unha declaración de ausencia de conflito de interese que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación."

E para que así conste, asino a presente DACI, que se incorpora ao expediente de referencia".

*Mentres o Concello de Fene non conte con acceso ao tratamento automatizado de risco de conflito de intereses empregarase o formulario DACI recollido na Orde HFP/1030/2021.

ANEXO V: BANDEIRAS VERMELLAS

As BANDEIRAS VERMELLAS son sinais de alarma, listas ou indicios dun posible fraude. A existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude, pero si indica que unha determinada área de actividade necesita atención extra para descartar ou confirmar un potencial fraude.

No presente Anexo, incorpórase a Listaxe de bandeiras vermellas e controis propostos do Anexo II da Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE, que se pode atopar no enlace deseguido:

https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20II.%20Listado%20BR%20y%20controles.pdf

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto."

Asinado dixitalmente pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas co visto e prace do alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: 86yyVM4ZsT1f/SUYzkvg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.